



Olga Gallego
Domínguez

derradeiros anos da súa vida –morreu en Blanc-Mesnil-Argenteuil, no Val d’Oise en 1962 a consecuencia dun cancro– viviu agachada co seu compañeiro e a filla, nacida en 1957, en casa dun comunista francés para non seren descubertos pola policía francesa, e axudados polo PCE e por Benigno Rey Balbís. A filla, Lina, e “Moncho” marcharon a Cuba en 1964.

GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga (Ourense, 1933). Cursou o bacharelato na súa cidade natal e a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Ingresou no Corpo de Arquivos, Bibliotecarios e Arqueólogos, traballou na Biblioteca Pública e Arquivo da Delegación de Facenda de Vigo como directora e, por concurso de traslado, accedeu á Dirección do Arquivo Histórico Provincial de Ourense e do Arquivo da Delegación de Facenda de Ourense, cargos que exerceu até a súa xubilación. Foi condecorada co lazo da orde de Afonso X en 1974 e pertence, en calidade de numeraria, á Real Academia Galega. É autora dos seguintes libros: *Archivo Histórico Provincial de Ourense: guía del investigador* (1977); *Catálogo de texto y disposiciones legales impresas* (1980), en colaboración con Elisa Fernández Suárez; *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol* (1980); *Clasificación de fondos de los archivos históricos provinciales* (1980), en colaboración con Pedro López; *Los*

Archivos históricos provinciales en su cincuentenario (1982); *El Catastro del Marqués de la Ensenada en la provincia de Orense* (1985); *Introducción na Arquivística* (1985), en colaboración con Pedro López Gómez; *Archivo Xeral da Administración de Galicia: proposta para a súa creación no contexto do sistema de arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia* (1990), en colaboración; *Sellos municipales orensanos* (1990); *El archivo del monasterio de Celanova* (1991); *Manual de archivos familiares* (1993); *La Organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII* (1998); *As barcas e os barcos de pasaxe da provincia de Ourense no antigo réximen* (1999); *Los Losada de la granja y pazo de la Freiría. (A Pobra de Tribes)* (2000), en colaboración con Yolanda Barriocanal López; *A cidade de Ourense* (2001). Ten publicado numerosos artigos en *Boletín auriense*, *Liceo Franciscano*, *Compostellanum* e en actas de encontros científicos.

GALLEGO DURÁN, Otilia. De Os Casás, Mugardos (A Coruña). Irmá de Manuel e Antonio, afíns a Izquierda Republicana, fusilados en agosto de 1936. Posibelmente por pertencer á familia dos Gallego Abeledo –con tres fillas e un fillo, tamén fusilado en 1948, vencellados á resistencia antifranquista–, fixéronlle un Consello de Guerra e foi condenada a dous anos de cárcere que pasou na Coruña. Nesa altura en que estivo presa, arredor de 1952, o seu